

SOLICITUDE DE COBRO

MR462B - AXUDAS DESTINADAS Á ELABORACIÓN DE INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN OU XESTIÓN FORESTAIS

DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

NÚMERO DE EXPEDIENTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA BENEFICIARIA OU REPRESENTANTE DECLARA:1. Que xustifica a realización dun investimento por importe de

2. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Sí solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

3. Que non solicitou nin se lle concedeu ningún outro tipo de axuda que sexa contraria aos obxectivos específicos ou concretos de xestión establecidos para cada superficie de ordenación no instrumento financiado ou as súas modificacións aprobadas, comprometéndose a manter esta limitación durante un prazo de 5 anos contados a partir da aprobación do instrumento ou, no caso de proxectos de ordenación, ata a finalización do plan especial.
4. Que se compromete a dispor no prazo dun ano, ou dous anos no caso de avaliación de impacto ambiental, contado desde o día seguinte a esta solicitude de pagamento, da certificación forestal mediante, cando menos, un sistema internacionalmente recoñecido.
5. Que se compromete a manter as condicións para obter a puntuación aplicada na concorrència competitiva para a aprobación dos expedientes durante cinco anos, contados dende a data da solicitude do pagamento da axuda, excepto as que deriven da execución do plan especial aprobado, ou ben as debidas a causas excepcionais ou de forza maior indicadas no artigo 19.1.d) da Orde.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Memoria xustificativa
- Xustificación de ter cargado o instrumento subvencionado en Xorfor e ter feita a solicitude administrativa para a súa aprobación (procedementos MR627A, MR627B e MR627C) no caso de PO, DCX e DSX
- Xustificación de ter feita a adhesión a través do procedemento MR627D no caso de AMS
- Xustificantes de gasto (facturas)
- Xustificantes de pagamento, se procede

No caso de cesións do dereito de cobramento:

- Comunicación do dereito de cobramento (anexo IX)
- Certificado do secretario da comunidade onde indique que a asemblea xeral autorizou ao presidente a asinar a cesión de cobramento no caso de CMVMC
- Copia do documento público ou privado no cal se formalizou a cesión
- Xustificación da liquidación do ITPAXD no caso de documento público de cesión de cobramento

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR462B).

SINATURA DA PERSOA BENEFICIARIA OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de